Circular informativa. ARTES ESCÉNICAS II

O exame consta de 4 preguntas obrigatorias: a primeira, de resposta única, con valor de 7 puntos, e as demais, con posibilidade de elección entre apartados, e un valor de 1 punto cada unha.

Ler con atención os enunciados.

Responder a todas as preguntas e apartados que sexan necesarios para acadar a máxima nota.

No caso de preguntas que fan referencia a varios elementos, temas ou ideas, recoméndase enumerar as explicacións para que quede claro que se responde a todas as cuestións que se mencionan no enunciado.

Estruturar ben as ideas, procurando sempre que as respostas teñan unha orde lóxica que facilite a comprensión do texto.

Como os exames son competenciais, é importante argumentar as respostas para demostrar o rigor necesario no desenvolvemento do relato e tamén para deixar claro como sería a aplicación das propostas teóricas en posibles escenarios reais.

Describir, explicar, xustificar e razoar as respostas, segundo proceda en cada caso, de acordo coas indicacións que figuren nos enunciados.

Coidar a calidade da redacción.

Respectar os límites de espazo naqueles casos nos que se indique unha extensión concreta para as respostas.

Xosé Soengas Pérez
Director do Grupo de Traballo